

FACULTADE DE SOCIOLOXÍA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



¿QUE SE ESTUDA NO GRAO DE SOCIOLOXÍA?

A socioloxía dedícase a estudar a evolución das sociedades contemporáneas e a analizar como os procesos sociais que nelas se desenvolven afectan o comportamento humano, a interacción entre individuos e as traxectorias persoais. Ao mesmo tempo dá conta de como as accións, experiencias e oportunidades das persoas están modeladas pola súa posición na estrutura social e dependen de categorías socialmente construídas como a clase social, o xénero e a etnia.

É dicir, a socioloxía é a ciencia que estuda a realidade social e describe e explica o funcionamento social dos individuos: como pensan e se comportan as persoas e que diversas poden ser as nosas identidades sociais, as nosas relacións interpersoais e as prácticas que as conforman.

Para iso, a titulación do Grao en Socioloxía dedica unha ampla parte das súas materias a comprender teóricamente as relacións entre os individuos e as sociedades e incorpora materias dedicadas á aplicación práctica das metodoloxías e técnicas de investigación propias das ciencias sociais. Entre elas, o peso fundamental atópase na estatística, as técnicas de análises multivariante e as técnicas etnográficas conducentes á análise do discurso e da narrativa.

Esta inmersión da socioloxía no contorno que a rodea adoita ser fonte de inspiración no noso alumnado que chega a encaixar estas ensinanzas cun forte espírito crítico ante a desigualdade e as inxustizas sociais. Por iso, é habitual ver como a facultade e os seus estudantes se relacionan moi de preto cos movementos sociais que discorren a escala local e global.

¿POR QUE ESTUDAR O GRAO DE SOCIOLOXÍA NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA?

- A titulación conta cun plan de estudos consolidado para cumprir cos estándares europeos e adaptarse ás necesidades profesionais da nosa rexión.
- Posúe un sistema interno de garantía de calidade e asesoramento activo ao estudiantado.
- Desenvolve as súas actividades académicas nunha comunidade cohesionada e participativa.
- Configúrase coma unha contorna intelectual de recoñecido prestixio. Actualmente, están adscritos a ela catro grupos de investigación competitivos:
 - ESOMI centrado en estudaren as migracións internacionais, a mobilidade social, laboral e educativa.
 - GET analise das desigualdades territoriais e xeográficas.
 - OSIM estuda os cambios culturais e as formas de participación.
 - LAPSO análise e prospectiva sociopolítica..
- Ten asinados múltiples convenios con universidades europeas a través do Programa Erasmus+ e acordos bilaterais con universidades americanas.
- Colabora coas principais entidades locais para a realización de prácticas curriculares e extracurriculares
- O Grao de Socioloxía planificouse para que os traballos de fin de grao e as prácticas profesionais (do último ano da carreira) posúan claros compoñentes empíricos cuxos resultados revertan no ámbito aplicado e poidan ser defendidos publicamente en foros internacionais e nacionais de prestixio.
- Tamén é de destacar a súa oferta formativa de mestrados oficiais:
 - Mestrado en Socioloxía Aplicada: Investigación Social e de Mercados.
 - Mestrado en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos.
 - Mestrado en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria.



¿CALES SON AS SAÍDAS PROFESIONAIS DO GRAO DE SOCIOLOXÍA?

A socioloxía adáptase con facilidade a moitas especializacións das ciencias sociais. O amplo coñecemento teórico e metodolóxico que se adquire ao longo do grao permítelle ao seu alumnado egresado continuar os seus estudos en ámbitos como a investigación de mercados, os recursos humanos, a sustentabilidade ambiental, a avaliación de políticas públicas e a planificación urbana e territorial, entre outros. Ademais, non debemos obviar que se trata dun grao que perfectamente entronca con oposicións de alto nivel europeas e españolas.

O oficio sociolóxico atópase con moita frecuencia nas seguintes ocupacións:

- Investigación de mercados e asesoramento no lanzamento de novos produtos ao mercado.
- Xestión de recursos humanos e de organización empresarial.
- Planificación e xestión de plans territoriais e de espazos naturais.
- Xestión de bens culturais e artísticos.
- Programación e avaliación dos servizos sociais e da protección pública do benestar.
- Programación e avaliación de políticas públicas comprometidas coa igualdade de xénero, clase social e etnia.
- Xestión da diversidade multicultural e os seus desafíos.
- Implementación de plans de loita contra a pobreza e a exclusión social.



¿ONDE NOS ATOPARÁS?

Facultade de Socioloxía

Campus de Elviña s/n

15071 - A Coruña (Galicia) España

Tlf: 981 167 000

www.socioloxia.udc.es

socicoru@udc.es



Facultade De Socioloxía Udc



fdesociologiaudc



UNIVERSIDADE DA CORUÑA